



5 mujeres que comen tortilla



Contacto: Javier Lojo - 695430892
supina@senorasupina.com

Benvida da Sociedade



Señora Supina ten o pracer de presentar en Galicia aos membros da **Sociedade Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein** en *Cinco Mulleres que Comen Tortilla*.

Despois de moita deliberación, a irmandade cree que a primeira versión en galego desta produción desenfreada debería formar parte das programacións dos teatros, salas e auditorios de Galicia. Así, quere presentarlles información adicional que decidiron incluír neste documento.

Cinco Mulleres que Comen Tortilla foi estreado en Chicago antes de formar parte do New York Fringe, converténdose nun éxito absoluto do Off-Broadway e atrapando a milleiros de espectadores de Estados Unidos dende entón. Son moitos os países que acolleron a esta irmandade, acadando enorme éxito en Reino Unido, Australia e, en España, coa versión en castelán.

Agora, **as viúvas están listas para expandir a irmandade** e agardamos que se unan e elas no seu **Concurso Anual de Tortillas**.

Se desexa ter máis información que non se atopa neste documento, póñanse en **contacto** cos representantes en Galicia da Irmandade.

Javier Lojo

Tlf. 695430892

javierglojo@outlook.com



Cinco Mulleres que Comen Tortilla

Ano 1956, América.

A **Sociedad de Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein** celebra o seu tradicional Concurso Anual de Tortillas. Este idílico encontro, no que renderán culto a un dos produtos máis maravillosos do mundo: o ovo, vese truncado cando as mulleres teñen que enfrontarse á caída dunha **bomba atómica** na súa localidade. Son as últimas superviventes e o medo trae confesións e historias do pasado que farán que cada vez se reafirmen máis na idea de que **a tortilla é o máis importante que teñen nas súas vidas**.

Cinco mulleres que comen tortilla é unha **comedia delirante** e enxeñosa que transporta ao espectador á América dos anos 50 grazas ao humor e a unha coidada posta en escena totalmente inmersiva. **Un búnker** esmeradamente decorado no que se integra ao público desde que entran pola porta asignándolles un nome. Cada un dos espectadores é **unha máis das irmás**, unha máis das viúvas convidadas ao concurso de tortillas da Susan B. Anthony.

A liberdade, a relixión, o feminismo, as moralidades e o medo ao descoñecido son os motores desta exitosa comedia internacional.

Idades recomendadas: adultos e adolescentes (14 a 18)

Elenco: Nola Drake, Alba Outeda, Raquel Ferraz, Raquel Crespo e Gabi Modesto.

Dirección: Javier Lojo

Escenografía: Vanesa Regengo



Que ocorre?

É o día do **Concurso Anual de Tortillas** na Sociedade de Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein. O comité de organización, encabezado pola responsable de eventos, **Wren Robin** (Alba Outeda) fan os últimos retoques dos preparativos para o maior evento do ano.

As mesas están preparadas, as tortillas xa foron xulgadas e **Dale Priest** (Nola Drake), a historiadora da Sociedade, ata atopou dous retratos nas profundidades dos arquivos que representan os valores e tradicións da irmandade e que desvelará durante a reunión.

Acollen con satisfacción e ledicia ás irmás que concorren á cita mentres a inocente **Ginny Cadbury** (Raquel Ferraz), recen chegada de Inglaterra, mostrase ansiosa por agradar ás súas irmás, especialmente a **Veronica Schultz** (Gaby Modesto), responsable de Infraestruturas e Xardíns, que supervisou a implantación dunha serie de medidas de seguridade no Centro Comunitario.



Dentro deste edificio, detrás da enorme porta blindada, atópase posiblemente o lugar máis seguro de toda América, un feito tranquilizador tendo en conta que os comunistas poderían atacar en calquera momento.

A entrada da presidenta da Sociedade, **Lulie Stanwyck** (Raquel Crespo) consegue atraer toda a atención das irmás grazas á emocionante interpretación do himno da irmandade.

Achégase o momento máis importante do día coa proclamación da tortilla gañadora, mentres as irmás recordan e reflexionan sobre anteriores gañadoras e algúns terribles erros, como a tortilla con chourizo de Petunia Bradley, que rompeu as regras básicas da sociedade: "Sen homes. Sen carne. Todo modais".

Todo parece sinalar que este será o mellor Concurso de Tortillas da historia da Irmandade ata que ocorre o impensable: **cae unha bomba atómica na vila!**

Terán que estar catro anos pechadas no búnker pola súa propia seguridade mentres os máis escuros segredos afloran e loitan por reconciliarse co seu pasado. Unha realidade explosiva que manterá a tódalas irmás unidas, da man, ansiando un **futuro que se torna escuro e desconecido.**



Señora Supina

Señora Supina nace en 2017 da man de profesionais da interpretación, da dirección e da escenografía que, tras formarse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD de Galicia), deciden continuar investigando na comedia e na dinamización.

A compañía busca explorar campos de expresión artística no teatro galego empregando o **humor como ferramenta**, así como temáticas pouco habituais nos circuítos teatrais de Galicia.

Cinco Mulleres que Comen Tortilla é a última montaxe de Señora Supina e conta coa dirección de Javier Lojo e a escenografía de Vanesa Regengo, así como a interpretación de Alba Outeda, Raquel Ferraz, Raquel Crespo, Nola Drake e Gabi Modesto.



Somos as viúvas de Susan B. Anthony
da Irmandade de Gertrude Stein.

Somos fortes, vibrantes e xuntas formamos
unha sociedade **unida ata a fin**.



O que dixeron da Sociedade



“É unha comedia divertida e fantasiosa na que a enerxía chisporroteante da comedia está sempre presente. É dese teatro no que o xogo e o encontro coas espectadoras e os espectadores están en primeiro termo. Unha peza que busca unha diversión liberadora e revitalizante, nunha estética camp plenamente asumida por todo o equipo artístico, e conségueno.” **Afonso Becerra, crítico teatral**

“A loucura disparatada e magnética parece destinada a atraer o culto de milleiros de seguidores.” **New York Times**

«Una agradable dosis de feminismo combinada con la lucha lésbica y sobre todo mucha comedia.»

Ángel Vila, Metropolitano



“Esta peza é intelixente, aguda e historicamente graciosa”.

Time Out Chicago

“A divertidamente entretida historia de amizade, pasteo e amor prohibido ten ao público enganchado ata o final”.

Vancouver Sun

“Un retrato delicioso que presenta un produto de alta audiencia e calidade. Espeluznante con algo de salseo”.

Chicago Tribune

Sen homes Sen carne Todo modais

